



**Colección
Meiga Moira**

O lume dos soños

Cibrán Ulloa

O *LUME DOS SOÑOS*
de
Cibrán Ulloa
obtivo no ano 2004
o I Premio de Literatura Infantil e Xuvenil
Meiga Moira convocado por Baía Edicións.
O Xurado estivo composto por
Carlos Paulo Martínez Pereiro,
actuando como Presidente,
Xavier Barreiro Liz, Dores Fernández López,
Belén López Vázquez e Cristina Sáez Cazallas.

O lume dos soños

Cibrán Ulloa



BAÍA EDICIÓN S



Cibrán Ulloa, coñecido no mundo da realidade como Xosé García Rodríguez, nace en Barcelona o 13 de outubro de 1970, reside actualmente na Terra de Melide, aínda

que ten as raíces afundidas na veciña Palas de Rei, en Lugo. Precisamente de aí o nome co que asina o libro que tes nas mans. Seu é tamén o poemario *Presenza da fenda*, que gañou o premio Letras de Cal no ano 2000 e asinou co pseudónimo de Xosé de Cea, nesta ocasión para homenaxear a unha persoa moi querida por el.

Quizais ese troco de nomes sexa unha expresión máis do formigo que lle bule no corpo a este escritor mozo. Así, amais da literatura, ten exercido oficios tan dispares como profesor de xadrez ou ceramista. No entanto, desde hai uns anos semella que asentou na escrita traballando como xornalista: *La Voz de Galicia*, *A Nosa Terra*, *Tempos* ou *Página Abierta* viron escritos seus publicados. Agora ten un xornal para facer el só, o *Fouce*, que edita o Sindicato Labrego Galego. No pouco tempo que lle deixa o seu traballo tenta imaxinar historias para contar a xente miúda e non tan miúda coma *O lume dos soños*, coa que gañou o I Premio Meiga Moira de Literatura Infantil e Xuvenil convocado por Baía Edicións...

*A Álvaro Cunqueiro e a Michael Ende,
que me ensinaron a soñar.*

*A papá e a mamá, que me soñaron
hai moitos anos nunha noite de inverno.*

*A Eva, para que conserve a forza
que lle permita seguir soñando.*

*A Soqui, por ser un soño
que se me cumpre cada día*

*E a ti, a quen soñei con este
lume dos soños nas mans*

Capítulo 1

Catuxa

Catuxa, coma nun soño, tiña once anos e once meses e vivía co seu avó Cucufate na casa vella do outeiro, en Roibén de Arriba, no máis fermoso dos países: Comentelo. Cando era moi pequena, tanto que nin sequera o lembraba, seus pais emigraran ao afastado deserto de Gobi, entre Mongolia e a China. Seica os chineses son grandes afeccionados a construír castelos de area, polo que solicitaron os servizos dos pais de Catuxa, que eran albaneis de area titulados. De cando en vez recibía carta deles. Na última falábanlle dun fastoso proxecto: unha grande muralla de area antolláraselle ao emperador. Ter xa tiñan unha grande muralla, como todo o mundo sabe, pero era de pedra. Cando o emperador cabalgaba por ela co seu cabalo preferido, un corcel branco chamado Caolín, este

queixábase do que lle mancaba a lousa nos pezuños. Os corceis de palacio sonche moi requintados, e este Caolín calzaba carpíns de seda en troques de ferraduras. O caso é que o emperador decidiu trasladar a súa corte ao deserto e ordenar a construción dunha nova muralla igual á que tiñan, pero de area, para que Caolín non se mancasse ao trotar por ela. Os pais de Catuxa, coma bos profesionais, obxectáronlle que cando a estivesen rematando, a muralla, por ser de area, xa se estaría a desfacer por onde a comezaran.

— Daquela –dixo o emperador solemne e caprichoso– comezarédela de novo.

Isto era o bo e o malo do traballo dos pais de Catuxa: bo porque nunca tiñan posibilidades de ficar no paro, malo porque sempre andaban a reconstruír o que xa construíran había unhas semanas, pois o feito con area axiña se esfarela e cae. É por iso que xa había tanto tempo que Catuxa non vía a seus pais e vivía co avó Cucufate alí, na casa vella do outeiro, no fermoso país de Comentelo.

Capítulo 2

Caetano

Roibén de Arriba tiña sona polo seu certame de fumadores de cachimba, o máis prestixioso de Comentelo. O avó Cucufate era membro vitalicio do xurado que tiña que decidir a quen se lle outorgaba a honra de ser o Cachimbeiro do Ano. Pero un compromiso impediulle nesta ocasión poder participar no magno evento: tiña que agardar unha visita importante e estaba obrigado a quedar na casa. Daquela, Catuxa, que entendía de cachimbas tanto como seu avó, aínda que non fumaba, tivo que substituílo.

Os membros do xurado sentaron nun palco para ver desfilan aos concursantes. Por diante súa pasaban todo tipo de xentes, de todas as razas, especies e condicións e, por iso mesmo, todo tipo de cachimbas: cos canos curtos, longos, curvados, rectos,

anchos, estreitos, cilíndricos, achanzados, en espiral ou facendo looping, coas cazole-tas talladas, lisas, de madeira, acibeche, almafí, cerámica, ouro, prata, alabastro... Sería moi longo describir polo miúdo a gale-ría de personaxes que desfilaron aquela tarde coas súas cachimbas por diante daquel palco. Só referirei, pois, aqueles que máis impresionaron aos membros do xurado.

O concursante número trece era un faquir indio que rexentaba unha ferraxaría en Bombai. Levaba por indumentaria tan só un taparrabos e un turbante brancos e, por suposto, a súa cachimba, que era de xade tallado e tiña a forma dunha cobra de anteo-llos. O seu número de cachimba consistía en sentarse na postura do loto levitando a dúas cuartas da súa cama de cravos e, ao fumar, botar o fume polo nariz en vagarosas ferven-zas que seguían o curso da súa longa barba até formar unha alfombra entre el e o seu punxente leito.

Foi este o mellor número até que un árabe enxoito do Iemen o superou no seu mesmo terreo cunha cachimba feita en corno de escaravello rinoceronte. O árabe facía o mesmo, pero en dirección á Meca e con fume coloreado, de tal xeito que o que formaba aos seus pés era unha auténtica

alfombra persa enfeitada con intricados arabescos en ducias de cores.

Tería sido este o vencedor indiscutíbel de non presentarse Caetano. Caetano era un moucho que vestía chaleco de liño vermello e monóculo de pompa de xabón mineralizada que tiña a facultade de estar sempre flotando á altura do ollo. A cachimba de Caetano era sinxela, feita en madeira de carballo renegrida, con cano longo e cazoleta tallada en forma de landra. A audacia de Caetano consistía en que botaba fume polas súas orellas aguzadas. Iso aos expertos antollóuseltes un truco efectista, segundo rosmaban polo baixo, pero rendéronse á súa arte cando se decataron do que era quen de facer Caetano. O fume saía das súas orellas en ducias de fíos de cores; despois, estes comezaban a entretecerse formando paseniño un tapiz, e no tapiz debuxábase unha fraga verde e frondosa chea de vida e de encanto: era a Fraga de Umbría. Todos sabían polo seu expediente de competición que Caetano ficara sen fogar e sen familia ao arder a fraga onde vivía. De feito, a Roibén de Arriba chegaban noticias constantes dun lume devastador que estaba a arrasar Comentelo. A maioría da xente non daba creto á noticia, pois nunca un lume queimara tanto, e como a chamusco aínda

non cheiraba... Nembargantes, alí estaba Caetano demostrando que ese lume existía, e facendo coa súa cachimba o que ninguén máis era quen de facer: SOÑAR. Houbo un detalle que liscou para todos, agás para Catuxa. Mentres Caetano soñaba en volutas de fume coa súa Fraga de Umbría, unha bágua liscou dos seus grandes ollos amarelos para desaparecer axiña entre a plumaxe.

Deste xeito foi como Caetano gañou o título de Cachimbeiro do Ano por unanimidade do xurado. Curiosa como estaba Catuxa por coñecelo e por presentarllo a seu avó, invitouno a facer pousada na casa vella do outeiro, e el aceptou.

Capítulo 3

A casa vella do outeiro

A casa vella do outeiro chamábase así por estar nas abas dun monte desde o que se dominaba todo Roibén de Arriba. O de vella era porque ninguén lembraba, nin sequera o avó Cucufate, desde cando estaba alí. En Roibén de Arriba as casas nacen doutras casas, dun día para outro e sen contar con elas. Daquela, o dono da casa ten xusto un prazo de vinte e catro horas para levala até un terreo sen edificar, pois ao cabo dese día comezan a medrar e medrar e nunha semana xa son casas adultas. A señora Micaela, por exemplo, que é pintora de paisaxes alternativas e un pouco despistada por estar sempre matinando nos seus cadros, xa debe ter unha ducia de casas todas pegadas unhas ás outras nos arrabaldes da parroquia; e sorte diso, porque se chega a estar xusto no medio da aldea, xa se terían unido as súas casas ás dos outros veciños e veciñas, cortando as rúas e provocando unha chea de

preitos por mor da propiedade. Sería o caos. Por iso, o pedáneo de Roibén de Arriba, por petición dos veciños, impuxo unhas normas moi severas ás persoas que habitasen casas en idade de procrear. Catuxa e o avó Cucufate nin sequera sabían de que casa nacera a que eles habitaban, pero tiña que ser unha ben grande e bonita, porque a súa tamén o era. A casa vella do outeiro estaba pintada en ducias e ducias de cores que o avó Cucufate aproveitou das sobras dos pintores de Roibén de Arriba: laranxas, fucsias, vermellas, verdes, azuis, amarelas, brancas, malvas, nunha manchea de gamas, matices e motivos: franxas, marcos para os vans, remendos xeométricos, bandas horizontais e verticais, axadrezados, pinchas. Á casa custoulle afaerse á audacia cromática do avó Cucufate, pois era moi decorosa e non lle gustaba nada chamar a atención. Ás veces, confidencialmente, a casa vella do outeiro rosmáballe caladamente a Catuxa que era unha sorte non vivir na aldea mesma, pois daríalle moita vergonza que a visen outras compañeiras estando pintada daquel xeito. A Caetano, porén, non lle sorprendera ver unha casa pintada desta maneira cando chegaron, e manifestou que mesmo lle parecía ben bonita. El non o notou, pero a casa ruborizouse por aquel cumprido.

Capítulo 4

O avó Cucufate

— Avó! —berrou Catuxa ao entrar—. Xa cheguei e trouxen comigo o campión de cachimba deste ano!

Oíuse un troupelear no piso de arriba e o avó Cucufate apareceu axiña escaleiras abaixo.

— Ho, ho! Ho, ho! A quen temos aquí? —exclamou dando evidentes mostras de ledicia. O avó Cucufate era esaxeradamente cambelo e camiñaba de xeito moi semellante a un chimpancé. Baixábanlle unhas guedellas longas e canas desde a calva brillante e o seu nariz ganchudo sostiña sen problemas uns quevedos. Vestía pantalón e chaleco negros, camisa de manga longa impecablemente branca e zocas grandes para que lle entrasen os catro pares de carpíns de la de iac cos que abrigaba os pés no inverno.

Como é natural, o avó Cucufate baixou fumando nunha das súas cachimbas favoritas, a que ten a cazoleta de cerámica vidrada dun azul verdoso irisado en forma de bágoa truncada. Tras de si deixaba unha mesta nube de fume azulado coma se fose unha vella locomotora de vapor.

— Mira avó –díxolle Catuxa sinalando ao moucho– este é Caetano, o mellor cachimbeiro do certame deste ano.

O avó achegouse para fitalo nun detido estudo.

— Boas tardes, boas tardes, señor Caetano. Hame desculpar o atrevemento, pero ou moito me trabuco ou vostede é nin máis nin menos ca un moucho de arrastrar.

Catuxa non sabía exactamente de que estaba a falar seu avó. Cría, en realidade, que o vello viña de novo con outra das súas lerias de estudoso. Agardou intrigada a resposta de Caetano.

— Boas tardes, señor Cucufate –saudou o moucho–. Confesareille que si, que son moucho de arrastrar das desaparecidas Fragas de Umbría, aló polo norte. Fillo dunha das familias de mouchos de arrastrar de avoengo máis rancio. Nas miñas veas corre o sangue de bois limiaos e elefantes africa-

nos, mais son devanceiros tan afastados que só sei deles pola palabra dos meus maiores e a forza do meu corpo. Dá permiso para botarlle unhas cachimbadas?

— Oh, si, si, como non? –contestou o avó collido por sorpresa–. Hmmm, un auténtico moucho de arrastrar... –rosinou–. Deixará que lle invite a unhas follas do meu tabaco.

— Faltaría máis, por favor.

— Élle un caldo que peso e mesturo eu mesmo –dixo ofrecéndolle unha petaca da que Caetano apañou unha presuña–. Se cadra, faráselle familiar un airiño que o cachimbeiro experto adoita a ulir polas bandas interiores das ventas. Dígollo porque un dezaseisavo desta mestura é tabaco verde importado de Mombasa, e como ten parentela remota con África...

Caetano preparou vagarosamente a súa cachimba e o avó deixoulle o chisqueiro para que a acendese. Falou tras dar as primeiras caladas.

— Nótase, nótase ese airiño da sabana. Confesarame, señor Cucufate, que no seu caldo, boísimo por certo, lle hai tamén tabaco de Orlando e Bangalore.

O avó Cucufate asentiu ledó por poder botar unha parola cun cachimbeiro tan enten-

dido nos temas do tabaco coma Caetano. Catuxa gargarexou para que lle prestasen unha pouquechiña atención.

— Que, Catuxiña? –díxolle o avó.

— Que é un moucho de arrastrar? Falades diso como se fose a cousa máis normal do mundo.

— Un moucho de arrastrar? Pois, simplemente, un moucho que é quen de arrastrar, e mesmo de erguer en voo, calquera peso por grande que sexa. Non é así, señor Caetano? –Caetano asentiu–. A súa condición non é ningún segredo, pois son os únicos mouchos que aparentemente visten chaleco. Aínda que tal pareza, o chaleco é, en realidade, un arreo feito con liño irrompíbel de Penaliñeira.

— Exacto –seguiu Caetano–. Todo o que di o teu avó é certo.

— Entón pode levantar calquera peso? –preguntou impresionada Catuxa.

— Muller, calquera...

— Daquela, non puido erguer as Fragas de Umbría para salvalas do lume?

As palabras de Catuxa fixeron que Caetano ficase sumido nunha morea de pensamentos e lembranzas que o desacougaban, até que o avó Cucufate rachou o silencio.

— Tivo que ser terríbel ese incendio. É certo que o lume aínda non se extinguiu?

Caetano fitou aos ollos do avó de Catuxa preso dunha fonda saudade.

— Mire señor Cucufate, heillo contar a vostede que semella home de mundo e estudado, aínda que lle direi que ninguén, por estas latitudes, dá creto ao que digo. Ese lume é pura bruxaría. Non sei quen o prendeu nin quen o mantén vivo, pero avanza coma se fose un ser vivo e non se detén ante nada. En Umbría loitamos canto puidemos por salvar o bosque. Co permiso do consello de anciáns, os mouchos de arrastrar arrincamos centos de árbores até abrir unha enorme gabia de terreo deserto pola que o lume non puidese arder. Pero o lume avanzou igual sen que désemos atopado remedio para detelo. Daquela, os habitantes das Fragas de Umbría quedamos sen fogar e decidimos viaxar por todo Comentelo para tentar buscar unha solución a este desastre e advertirille ás xentes do perigo. O único que acadamos até o día de hoxe foi que ninguén nos faga caso. Ninguén oíu falar nunca de lumes inextinguíbeis. Polo tanto, ninguén nos cre. Pero non ha faltar moito para que comece a cheirar a queimado por aquí, en Roibén de Arriba.

O avó Cucufate meditaba pensativo nas verbas de Caetano sen atopar solucións ou lembranzas que falasen dun lume tan cruel e devastador.

— Eu créolle, señor Caetano, aínda que xamais escoitara falar de tal fenómeno. Solucións non lle temos aquí, en Roibén de Arriba. Parvo sería alertar á veciñanza, pois non nos crerían. Pregariálle que agora esquecese por uns intres todas as súas coitas para podermos cear. Estou agardando unha visita, e penso que nos pode ser de moita axuda. Se non me trabuco, ha de estar a vir.

Caetano aceptou satisfeito por ter atopado a alguén que cría na súa historia. Ao remate da cea, Catuxa foise para a cama. Despois dun día tan atafegado no que sucederan tantas cousas, ficou durmida axiña se deitou, polo que o seu avó non tivo que seguir a contarlle o conto que comezara a noite anterior, aquel que falaba dun home forte e un meniño negro que ían en locomotora salvar a unha princesiña que estaba cativa na cidade dos dragóns, aló na afastada China, onde traballaban papá e mamá. O avó Cucufate baixou e sentou nun tallo a carón da lareira. Volveu acender a súa cachimba e Caetano acompañouno. Deste xeito, botaron boa parte da noite falando dos graves sucesos que estaban a acontecer en Comentelo.

Capítulo 5

A pantasma

A casa era escura e inmensa. Catuxa andaba ás apalpadadas, sabía que algo asexaba preto, que algo a seguía para atrapala. “Catuxa, ven, es miña, es miña...”, rosmaba unha voz seseante e afastada. Catuxa tentaba fuxir, pero pesábanlle as pernas coma dúas sacas de chumbo. Tiña que facer un grande esforzo para dar un só paso. “Catuxa, por que foxes? Ven onda min, que che quero dar unha aperta...” Catuxa oía un reptar pola madeira do chan acompañado dun crepitar de lume. Mirou cara a atrás e viu que polo van das escaleiras tremelicaba un refulguexo que se ía facendo cada vez máis intenso. Tiña que correr, tiña que correr. Con todas as súas forzas logrou pór en marcha uns pasos tatecos, pero sen saber cara a onde encamiñarse. Suaba. Ía moitísima calor alí, coma no interior dun forno. Algo entrou na estancia,

sentiuno. Pechou con forza os ollos e cubriu o rostro coas mans. Non quería ver. Pero era algo moi forte, demasiado forte para ignoralo. Unha forza allea a ela obrigouna a mirar. Cando o fixo, un arreguizo de terror percorreulle todo o corpo. Alí, diante dela, unha pantasma de lume achegábase de vagar cos brazos abertos para darlle unha mortal aperta. Tentou correr, pero os seus pés afundíanse no piso que se tornara lamacento. Guindouse nel e tentou arrastrarse naquel tremedal sen conseguir moverse do sitio. “Ven Catuxiña, ven onda min, bonita, non teñas medo”, dicía aquela voz odiosa. A mentira escoaba por cada unha daquelas verbas coma o refugallo que pinga dun froito podre. Catuxa non podía fuxir, e daquela berrou, berrou, berrou... Tal foi a forza do seu berro que todo o que había diante dela, incluída a pantasma, ficou arrasado coma por un furacán.